

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

DE201.02 Proxecto educativo

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
2	16-06-2014	Adecuación LOMCE e Adecuación LOE	18-06-2014
3	03-03-2015	Programa FIDES-AUDIT Acreditación ACSUG	22-09-2015
4	21-11-2017	Revisión adecuación Orde 21 de novembro	27-02-2018

1. PREÁMBULO. Definición, características e finalidades do documento.
2. OS SINAIS DE IDENTIDADE DO CENTRO.
 - 2.1. LEXISLACIÓN BÁSICA
 - 2.2. ÁMBITO DE ACTUACIÓN
 - 2.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO
 - 2.5. LINGUA E PROXECTO LINGUÍSTICO
3. METAS EDUCATIVAS
 - 3.1. MISIÓN
 - 3.2. VISIÓN
 - 3.3. POLÍTICAS DE CALIDADE
 - 3.4. FINALIDADES EDUCATIVAS
 - 3.5. PLAN DE CONVIVENCIA
4. OFERTA EDUCATIVA
 - 4.1. FORMACIÓN INICIAL
 - 4.2. FORMACIÓN ABERTA
 - 4.3. POSGRAO
5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA
6. ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DA XESTIÓN E DA PARTICIPACIÓN
 - 6.1. RESPONSABILIDADES DA DIRECCIÓN
 - 6.2. RESPONSABILIDADES DOS XEFES DE DEPARTAMENTO.
 - 6.3. RESPONSABILIDADES DOS COORDINADORES DE SERVIZOS.
 - 6.4. RESPONSABILIDADES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.
 - 6.5. PLAN ESTRATÉXICO.
 - 6.6. PLANIFICACIÓN ANUAL.
7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
 - 7.1. PROCESOS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE.
 - 7.2. A INVESTIGACIÓN
 - 7.3. A CREACIÓN
 - 7.4. A EXHIBICIÓN
8. RECURSOS HUMANOS
9. AS RELACIÓNS COA CONTORNA
10. AVALIACIÓN, REVISIÓN E MELLORA DO PEC

1. PREÁMBULO. DEFINICIÓN, CARACTERÍSTICAS E FINALIDADES DO DOCUMENTO.

O Título IV, Capítulo I do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, e que, segundo o establecido no seu artigo 2º, é de aplicación para os centros superiores de ensinanzas artísticas, regula o proceso de elaboración e aprobación do proxecto educativo de centro.

O artigo 88 establece que os centros disporán de autonomía para definir o modelo de xestión organizativa, que deberá concretarse no proxecto educativo de centro, proxecto curricular (DE201.03) e normas de organización e funcionamento (DE.301.01).

O artigo 89 establece que o equipo directivo elaborará o proxecto educativo de acordo cos criterios establecidos polo Consello Escolar e as propostas realizadas polo Claustro e a Xunta de delegados e delegadas do alumnado. Igualmente establece que o dito proxecto será aprobado polo Consello Escolar e este será coñecido por toda a comunidade escolar, coa fin de lograr unha maior identificación e implicación da comunidade educativa na marcha do centro, responsabilidade que corresponde ao equipo de dirección. Segundo establece a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, no seu artigo 121. 7, “os centros establecerán os seus proxectos educativos, que se deberán facer públicos co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa”.

O artigo 90 do dito Decreto 324/1996, establece os procedementos para a elaboración do Proxecto Educativo, un documento que, considerando as necesidades do alumnado e as características do ámbito de influencia do centro deberá establecer:

- A organización xeral da escola.
- As finalidades educativas da mesma.
- Os obxectivos que a escola se marca en relación coas políticas de dinamización lingüística, establecidas polas autoridades competentes, e coas disposicións que as desenvolven.
- A oferta educativa e a súa adecuación ao seu ámbito de influencia.
- As Normas de Organización e Funcionamento, atendendo ao establecido no Artigo 124 da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro.
- As directrices para o desenvolvemento do Plan de Convivencia.
- As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- As formas de colaboración e intercambio cultural con outras institucións tanto no nivel local coma autonómico, estatal ou internacional.

Segundo o artigo 91 do dito Decreto 324/1996, a inspección educativa supervisará a adecuación do Proxecto educativo ao establecido na lexislación vixente, formulando as suxestións que coide oportunas e indicando as correccións que procedan.

En consecuencia o presente documento ten como finalidade definir as características, finalidades e organización da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, atendendo á súa condición de centro superior de ensinanzas artísticas e considerando o establecido na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación no Capítulo VI do Título I, e que se mantén coa Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa. Igualmente tamén se ten en consideración na presente revisión o establecido no Decreto [179/2015, de 29 de outubro](#), e na Orde do [21 de novembro de 2016](#).

Igualmente, a LOE, no seu Título V, que trata da Participación, autonomía e goberno dos centros educativos, e no Capítulo II, que regula a autonomía dos centros, establece no artigo 121, o procedemento e os criterios para a elaboración do proxecto educativo, que recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación do mesmo, tendo en conta as características da contorna social e cultural do mesmo. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade educativa

(LOMCE) engade un novo apartado ao artigo 121, o número 8, que establece que “o proxecto educativo dos centros docentes con especialización curricular deberá incorporar os aspectos específicos que definan o carácter singular do centro”.

Considerando todo o antedito, o presente documento configúrase como o Proxecto Educativo da Escola (PEE), que se complementará co Proxecto Curricular de Escola (PCE) e as Normas de Organización e Funcionamento (NOF), que establecen o marco xeral de funcionamento da ESAD de Galicia, sempre en función do establecido pola lexislación vixente, sexa de ámbito estatal, autonómico, ou, se for o caso, local.

O presente documento tamén se configura como a ideación dun proxecto ideal de Escola, entendendo que cómpre definir os termos que no plano da organización, as infraestruturas e os recursos mellor poden contribuír á consecución das finalidades desta institución educativa.

A comunidade educativa da ESAD de Galicia ten a obriga de coñecer, respectar e potenciar o establecido nos ditos documentos coa finalidade de ofrecer á sociedade os servizos que lle son propios á institución, con rigor e excelencia académica, e coa debida transparencia na xestión. O equipo de dirección asume a responsabilidade de dalos a coñecer e velar polo seu cumprimento.

2. OS SINAIS DE IDENTIDADE DO CENTRO.

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia é un centro superior de ensinanza artística que, segundo establece a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, nos seus artigos 55. 1. e 58. 2, e confirma a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, ofrece ensinanza de arte dramática, e segundo o que determina o artigo 58.6, tamén ten a obriga de fomentar programas de investigación no ámbito das disciplinas que lle son propias. Como centro superior de ensinanza artística e en función do que se establece na normativa que determina o currículo das ensanzas que ofrece, tamén debe fomentar programas de creación escénica, tal e como recolle o Real Decreto 630/2010, no seu preámbulo (“consolidación de liñas de investigación e creación” [sic.]), ou no seu artigo 4, onde se establece (sic.) que “los centros de enseñanzas artísticas superiores de Arte dramático fomentarán programas de investigación científica y técnica propios de esta disciplina, para contribuir a la generación y difusión del conocimiento y a la innovación en dicho ámbito”, e que por conseguinte (sic.) “las administraciones educativas establecerán los mecanismos adecuados para que estos centros puedan realizar o dar soporte a la investigación científica y técnica, que les permita integrarse en el Sistema Español de Ciencia y Tecnología”.

En consecuencia a ESAD de Galicia é un centro superior de ensinanza artística que se debe ocupar, por igual, dos procesos de educación, investigación e creación vinculados coas disciplinas que lle son propias aos estudos superiores de arte dramática.

A Escola Superior de Arte Dramática foi creada na cidade de Vigo pola Consellería Cultura, de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia mediante o Decreto 145/2005, do 2 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia con data do 6 de xuño de 2005. Posteriormente o Decreto 42/2006, do 23 de febreiro, modificaba o antedito decreto, polo que o centro pasa a denominarse Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Atendendo á lexislación vixente a Escola Superior de Arte Dramática é un centro superior de ensinanza artística que debe defender en todo momento como institución educativa os seguintes principios:

- A súa condición de centro de educación superior e súa inclusión no Espazo Europeo de Educación Superior.
- A necesidade de impartir as ensanzas que lle son propias, na actualidade estudos superiores, mais coa lexítima aspiración de completar o ciclo de formación cos estudos de posgrao, nos que se deben incluír necesariamente os estudos de doutoramento en arte dramática.

- A necesidade de contar cun sistema de organización e funcionamento en consonancia coa súa condición de centro de educación superior.
- A súa condición de centro de investigación e de creación, que aconsella a súa inclusión na rede de centros de investigación dos Ministerios e das Consellerías con competencias na materia, para poder participar en todas as convocatorias e medidas de fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento e a innovación. Igualmente o seu persoal docente e investigador debe incluírse nas redes e rexistros de investigadores existentes.
- A necesidade de contar cunhas infraestruturas, equipamentos e recursos axeitados ao grao de especialización das ensinanzas que imparte e á necesidade de promover programas de I+D+i vinculados coas artes escénicas.
- A necesidade de contar cun presuposto suficiente para cumprir as finalidades educativas, de investigación e creación que lle son propias.

2. 1. LEXISLACIÓN BÁSICA. A organización e o funcionamento da ESAD de Galicia está regulado pola lexislación estatal ou autonómica, xeral ou específica, e por todas as normativas de diversa índole que aparecen reflectidas no inicio das Normas de Organización e Funcionamento. [Toda a normativa aplicable aparece recollida no Anexo III. Documenta.](#)

2. 2. ÁMBITO DE ACTUACIÓN. O ámbito de actuación da ESAD de Galicia é o da Comunidade Autónoma de Galicia, da que depende, sendo un centro público creado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O seu ámbito de actuación, porén, no que ao alumnado se refire, non ten limitación ningunha, podendo acoller alumnado que cumpra os requisitos de acceso establecidos na norma vixente, que non é outro que ter unha titulación de bacharelato ou equivalente e superar as probas de acceso que se celebran cada ano en convocatoria ordinaria nos meses de xuño e xullo, e en convocatoria extraordinaria no mes de setembro. Nesa dirección, a vocación da ESAD de Galicia é captar alumnado na Comunidade Autónoma de Galicia e noutras comunidades, e países próximos ou cos que mantemos unha longa relación histórica de carácter cultural.

2. 3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO. A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia é un centro superior de ensinanzas artísticas que debe seguir os protocolos establecidos pola Unión Europea na promoción dun espazo común na educación superior. Ser un centro superior implica que o alumnado é maior de idade, o que afecta aos procesos de organización e funcionamento dos servizos e actividades. Pola súa banda as ensinanzas artísticas tamén presentan unha serie de especificidades que obrigan a deseñar un modelo de organización e funcionamento que vai afectar ás infraestruturas, equipamentos e recursos didácticos e ao seu uso e dispoñibilidade, así como aos procesos de ensinanza e aprendizaxe.

A natureza das ensinanzas tamén ten a súa importancia na organización das actividades docentes e na consideración dos tempos lectivos para a realización doutras actividades, cuestións que deberán ser contempladas no Proxecto Curricular de Escola e nas Normas de Organización e Funcionamento, para a organización dos procesos de educación, investigación e creación, así como na organización de tempos e espazos para a realización das tarefas que son propias deses procesos: titorías docentes derivadas da implantación do ECTS, estudo, documentación, preparación de clases, realización de traballos prácticos, organización de mostras de traballo ou proxectos fin de estudos.

Para o cumprimento das finalidades educativas que máis adiante se determinarán, a ESAD de Galicia, polas súas características, deberá contar cunha serie de servizos, que se contemplan na súa estrutura organizativa e co persoal de administración e servizos que se considera no capítulo dedicado aos recursos humanos.

As características da Escola teñen unha serie de implicacións importantes nos ámbitos que se sinalan:

2. 3. 1. En relación co alumnado. Que debe contar coas instalacións suficientes para manter unha boa hixiene persoal, seguridade na realización dos procesos de aprendizaxe, medios e recursos para o estudo e a realización de tarefas ou para exercer a representación deste sector da comunidade educativa nos órganos competentes. Igualmente debe contar coas mesmas prerrogativas das que goza o alumnado superior universitario. Todo iso concrétase en cuestións básicas como:

- Área de duchas e vestiario suficiente con armario unipersoal para gardar pertenzas persoais.
- Área de descanso para períodos non lectivos.
- Sala para os representantes do alumnado.
- Cafetería e comedor para poder facer vida no centro.
- Biblioteca cun número suficiente de volumes e área de traballo con equipamento informático.
- Dispoñibilidade de uso das aulas prácticas, teóricas e de estudo, e dos recursos técnicos en períodos non lectivos.
- Recursos para a realización de traballos e do proxecto fin de estudos.
- Oferta adecuada nos estudos superiores e de estudos de posgrao, incluíndo o doutoramento.
- Dereito ao uso da rede de residencias públicas para estudantes de ensinanzas superiores.
- Política específica de bolsas e becas para graduados e posgraduados en contías similares ás que se destinan a outras ensinanzas superiores.

2. 3. 2. En relación co profesorado. Que debe ter unha especialización suficiente nas materias obxecto de docencia, investigación e creación, contar cos medios e recursos para o deseño e realización dos procesos de ensinanza ou dispoñer de medios e recursos para os traballos de docencia, investigación e creación. Todo isto concrétase nos seguintes aspectos:

- Área de duchas e vestiario suficiente con armario unipersoal para gardar pertenzas persoais.
- Cafetería e comedor para poder facer vida no centro.
- Biblioteca cun número suficiente de volumes.
- Despacho para a realización dos traballos propios da docencia, titoría de alumnado e investigación.
- Recursos para a realización de traballos vinculados coa docencia, a investigación e a creación.
- Política específica de bolsas e axudas en contías similares ás que se destina ao profesorado universitario para a formación permanente, promoción do coñecemento e do desenvolvemento, a investigación e a innovación.

2. 3. 3. En relación co persoal de administración e servizos. A ESAD de Galicia debe contar cun cadro de persoal suficiente para o desenvolvemento de todas as actividades que lle son propias e para o mantemento das instalacións e o uso de infraestruturas, equipamentos e recursos tecnolóxicos e didácticos. Igualmente o seu horario de traballo debe estar en consonancia coas actividades que se desenvolven na ESAD, desde as lectivas ás vinculadas coa creación e exhibición de espectáculos. O persoal de administración e servizos tamén debe contar cunha serie de recursos xerais, entre os que se sinalan:

- Área de duchas e vestiario suficiente con armario unipersoal para gardar pertenzas persoais.
- Área de descanso para períodos non lectivos.
- Despacho para os seus representantes.
- Cafetería e comedor para poder facer vida no centro.
- Política específica de formación permanente.

Como outras institucións de ensino superior con competencias en investigación e creación nas disciplinas propias da arte dramática, a ESAD de Galicia, debe contar con persoal de biblioteca, persoal técnico especializado en iluminación, son e produción, nas diferentes categorías que establece a lexislación laboral vixente, e tal e como se recolle no [Plan Estratéxico 2018-2021](#) (DE201.07).

2. 3. 4. En relación coas infraestruturas, equipamentos e recursos. Deben estar en consonancia coas finalidades educativas do centro e coas especificidades e características das ensinanzas que ofrece e co desenvolvemento de procesos de investigación e creación. Unha vez ocupado o primeiro edificio da sede definitiva da Escola, sita na rúa Poza Cabalo, no barrio novo de Navía, quedan con construír as fases dúas e tres, segundo consta no Anexo I (IP201.04).

2. 3. 5. En relación cos servizos. A ESAD de Galicia, polas características das ensinanzas que ofrece, debe contar cunha serie de servizos necesarios para o desenvolvemento de procesos de docencia, investigación e creación con criterios de calidade e excelencia. Estes servizos aparecen contemplados no capítulo correspondente deste PEE, para cumprir as finalidades que se sinalan. En todo caso a ESAD, como centro superior que ofrece títulos superiores equivalentes a todos os efectos aos títulos universitarios de grao debería contar necesariamente cunha serie áreas ás que se vincularían determinados servizos. Serían:

- Centro de documentación e investigación teatral, con Biblioteca, Mediateca e Museo do Teatro. A Biblioteca e a Mediateca deben ser espazos para o traballo de aprendizaxe e investigación das comunidade escolar e dos investigadores e investigadoras vinculados coas artes escénicas, en tanto o Museo do Teatro enténdese como un espazo de documentación e divulgación do feito teatral a través de exposicións permanentes e da creación dun fondo patrimonial que recolla, manteña e preserve todo tipo de elementos vinculados coa praxe escénica. Para o desenvolvemento de ambos proxectos a ESAD deberá establecer convenios de colaboración con outras institucións e organismos, públicos e privados.
- Compañía de teatro para a realización de produtos escénicos por parte do alumnado.

2. 3. 6. En relación co financiamento. A ESAD debe contar cun financiamento suficiente para a realización das actividades que lle son propias e que son moito máis numerosas que as de calquera outro centro educativo, se atendemos aos requirimentos dos procesos de ensinanza e aprendizaxe ou aos propios dunha institución educativa con competencias en investigación e creación, tal e como establece a lexislación vixente e, en consecuencia, se recolle no [Plan Estratéxico 2018-2021](#).

2. 3. 7. En relación coas relacións externas. Os centros superiores de ensinanzas artísticas, deben establecer convenios de colaboración con moi diversas institucións, organismos ou entidades, polo que cómpre dar os pasos para garantir unha maior autonomía na súa xestión, de xeito que desde a propia ESAD se poida axilizar a sinatura de convenios, acordos e outras liñas de cooperación coa contorna. Unha autonomía necesaria que xa se formula como principio necesario no Real Decreto 1614/2009 e no Real Decreto 630/2010.

2. 4. LINGUA. A ESAD de Galicia como centro público de ensino dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten a obriga de cumprir co establecido na Lei 3/1983 de Normalización Lingüística e co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. A lingua vehicular nos procesos de ensinanza e aprendizaxe será a lingua galega, sen prexuízo de que se utilicen outras linguas en función da natureza dos contidos a tratar. A comunidade escolar da ESAD asume o compromiso de apostar decididamente pola promoción da lingua galega, como lingua de

expresión, creación e comunicación escénica, a través dos mecanismos que se establezan no Proxecto Curricular de Escola e no seu Plan Lingüístico (DE201.06).

3. MISIÓN, VISIÓN E FINALIDADES EDUCATIVAS DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

3. 1. MISIÓN. *O propósito da ESAD, como centro público de ensino superior, consiste en ofrecer unha educación teatral especializada e de calidade nas vertentes artística, humanística e científica, e nas dimensións práctica, tecnolóxica e teórica, facilitando o tránsito á vida activa do seu alumnado e potenciando que manteñan no seu comportamento profesional e persoal unha actitude de colaboración e respecto ante os seus semellantes, así como ante a súa contorna sociocultural e o medio ambiente.*

Para lograr ese propósito, ou misión, a comunidade educativa da ESAD de Galicia comprométese a desenvolver as seguintes estratexias:

- Crear as condicións necesarias para que o alumnado e o profesorado teñan na Escola un marco e un ambiente de traballo adecuado, fomentando o traballo en equipo e potenciando a súa implicación na actividade diaria da mesma.
- Captar as necesidades e expectativas do alumnado e dos diferentes grupos de interese e ámbitos empresariais relacionados directa ou indirectamente coas artes escénicas, mediante canles de comunicación abertas e activas, respondendo a esas demandas de maneira áxil e flexible.
- Lograr que a ESAD de Galicia conte coas instalacións, as infraestruturas, os equipamentos didácticos e tecnolóxicos e os recursos económicos e materiais suficientes, que permitan a posta en marcha de medidas de mellora continua.
- Integrar na ESAD de Galicia un cadro de persoal docente e de administración e servizos adecuado á consecución dos obxectivos propios de docencia, investigación e creación con parámetros de excelencia.
- Establecer mecanismos que permitan unha selección adecuada, rigorosa e obxectiva do alumnado.
- Establecer iniciativas que permitan diversificar a oferta educativa en función das necesidades e demandas da contorna artística, económica e sociocultural.
- Promover a actualización e o perfeccionamento didáctico, creador e investigador do seu profesorado e a mellora e cualificación do persoal de administración e servizos.

3. 2. VISIÓN. *A Escola Superior De Arte Dramática de Galicia ten por vocación ser un centro educativo de referencia na súa contorna, contribuíndo á mellora da competencia académica, artística e profesional dos traballadores e traballadoras das artes escénicas, creando e mantendo unha imaxe coidada e de prestixio, e potenciando unha relación fluída e de cooperación coa sociedade en xeral e coas empresas, institucións, asociacións e entidades máis relacionadas coa súa actividade diaria, desenvolvendo cantas iniciativas lle permitan acadar os seus obxectivos.*

3. 3. POLÍTICAS DE CALIDADE. A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia debe establecer nos ámbitos da xestión, nos procesos de ensinanza e de aprendizaxe, e nas súas liñas de investigación e de creación, políticas de calidade orientadas á prestación adecuada e con criterios de excelencia dos servizos que lle son propios. As políticas de calidade serán deseñadas, postas en práctica e avaliadas a través do Sistema de Garantía Interna de Calidade, e en función do que se estableza na lexislación correspondente. As políticas de calidade da ESAD de Galicia aparecen recollidas no seu Manual de Calidade, onde tamén se recollen os procedementos internos vinculados cos procesos de verificación e acreditación de titulacións establecidos pola Axencia Galega para a Calidade do Sistema Educativo de Galicia (ACSUG).

3. 4. FINALIDADES EDUCATIVAS. En virtude da autonomía organizativa e pedagóxica dos centros educativos, establecida no Capítulo II, artigos 120, 121 e 122 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, a través do seu Proxecto Educativo de Centro establece finalidades educativas nos seguintes ámbitos e áreas:

3. 4. 1. No ámbito das artes escénicas. Trátase do ámbito prioritario de actividade da Escola, que implica moi diversas liñas de actuación e iniciativas igualmente diferenciadas e diversificadas, aínda que sempre mantendo entre si a necesaria interacción.

3. 4. 1. 1. Oferta educativa.

- Implantar unha oferta de estudos superiores e de posgrao con criterios de diversidade e alternancia, de xeito que a ESAD de Galicia poida adaptar a súa oferta educativa ás necesidades e características da contorna e ás demandas que esta presente en cada momento.
- Implantar unha oferta de estudos superiores e de posgrao con criterios de excelencia nos procesos de ensinanza, aprendizaxe, creación e investigación.
- Implantar unha oferta de estudos superiores e de posgrao que favoreza a transición á vida activa dos seus titulados e tituladas.
- Subscribir convenios con outras entidades de formación superior para a elaboración de programas conxuntos no campo dos estudos de posgrao.
- Potenciar a organización autónoma de estudos de doutoramento no eido das artes escénicas, nas súas dimensións creativa, didáctica e teórica.

3. 4. 1. 2. Á área de formación aberta e permanente.

- Definir ámbitos de actuación no eido da formación aberta, de xeito que a ESAD de Galicia poida atender as demandas de formación de diferentes colectivos interesados nas artes escénicas.
- Potenciar acordos de colaboración con asociacións, entidades, organismos e institucións para o desenvolvemento de todo tipo de actividades de formación e divulgación no campo das artes escénicas.
- Establecer unha rede de asociacións, entidades, organismos e institucións colaboradoras da ESAD.
- Potenciar os intercambios escolares e unha política de becas que favoreza a mobilidade do alumnado antes e despois da graduación.
- Fomentar convenios con outras entidades e institucións de formación superior estatais e internacionais para a acollida mutua de alumnado e profesorado.
- Promover o deseño e posta en marcha de plans de formación permanente dos traballadores e traballadoras das artes escénicas nos ámbitos da creación, as tecnoloxías escénicas, a xestión, a animación e a información.
- Subscribir convenios de colaboración con institucións e organismos, coas asociacións profesionais e con outros axentes sociais propios das artes escénicas para a promoción da formación permanente.
- Vincular os procesos de formación aberta e permanente coa promoción do teatro como manifestación artística e cultural e coa mellora continua da cualificación dos seus traballadores e traballadoras como requisito para o desenvolvemento profesional do sector.

3. 4. 1. 3. Área da investigación.

- Lograr o pleno recoñecemento da ESAD de Galicia como centro superior de investigación, desenvolvemento e innovación no campo das artes escénicas e das áreas de coñecemento e disciplinas académicas que lle son propias.

- Lograr o recoñecemento como persoal investigador do seu profesorado e o recoñecemento do alumnado que reúna os requisitos oportunos como persoal colaborador ou como contratados en prácticas.
- Lograr as partidas orzamentarias necesarias para promover a creación de equipos de investigación e a dotación dos recursos básicos.
- Crear na ESAD de Galicia un Centro de Investigación coas seccións de Biblioteca e Mediateca, así como un Museo do Teatro.
- Potenciar a creación de equipos de investigación competitivos e de liñas de traballo desenvolvidas desde a ESAD de Galicia.
- Potenciar liñas de investigación vinculadas coas dimensións teórica, tecnolóxica, metodolóxica e práctica das artes escénicas.
- Potenciar liñas de investigación vinculadas coa innovación nos eidos da creación, a exhibición e a distribución de produtos escénicos.
- Promover a incorporación aos grupos de investigación de alumnado e outras persoas vinculadas á ESAD de Galicia.
- Desenvolver proxectos de investigación escénica con outras institucións, organismos e grupos.
- Promover a investigación interdisciplinaria e intercultural.
- Fomentar a creación das estruturas necesarias para o desenvolvemento axeitados dos programas de investigación.
- Potenciar a dotación da ESAD coas infraestruturas, equipamentos e recursos necesarios para desenvolver programas de investigación.
- Garantir unhas condicións de traballo que favorezan o desenvolvemento de proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación.

3. 4. 1. 4. Área de promoción da creación e da difusión teatral.

- Potenciar a creación e difusión de todo tipo de produtos escénicos.
- Favorecer o traballo do alumnado e do profesorado en proxectos de creación vinculados ora coa docencia ora coa investigación.
- Garantir as mellores condicións posibles para a realización de mostras de traballo, mostras de fin de curso, espectáculos diversos e proxectos fin de carreira.
- Potenciar a creación dunha compañía profesional de teatro para favorecer a adquisición de experiencia laboral por parte dos titulados e tituladas da ESAD de Galicia.
- Favorecer e potenciar proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación vinculados coa creación e a difusión.
- Potenciar convenios de colaboración con outras institucións, organismos e entidades para o desenvolvemento de proxectos de creación e difusión.
- Programar nos teatros da ESAD todo tipo de eventos que contribúan á difusión das artes escénicas e dos espectáculos teatrais.
- Promover a integración da ESAD de Galicia en redes e circuítos de carácter local, autonómico e/ou estatal.

3. 4. 1. 5. Área de promoción das artes escénicas.

- Converter o centro nun marco de divulgación e potenciación das artes escénicas como ben cultural e servizo público.
- Participar en todas cantas iniciativas teñan como finalidade a normalización e o desenvolvemento das artes escénicas.
- Subscribir convenios con institucións e organismos orientados á potenciación dun maior desenvolvemento do tecido teatral nos niveis local, comarcal, autonómico e estatal.
- Diseñar e dar a coñecer liñas de actuación no eido das políticas culturais e teatrais.

- Converter o centro nun marco de reflexión, debate e deliberación a respecto da situación e perspectivas de mellora das artes escénicas.

3. 4. 2. No ámbito da educación integral. A ESAD de Galicia ten como finalidade a formación de profesionais das artes escénicas desde a perspectiva dunha educación integral baseada no pleno desenvolvemento de valores como a tolerancia, a solidariedade ou a cooperación entre iguais, nos que se asenta unha sociedade humanista na que as artes escénicas teñen e sempre terán unha razón de ser. Nesa dirección a ESAD debe converterse nunha comunidade educadora na que todos os seus integrantes se formen en valores cidadáns por medio das actividades de docencia, investigación e creación, así como a través da participación activa na vida da escola e do compromiso coa súa mellora permanente.

En consecuencia, amais das finalidades educativas vinculadas coas competencias propias dos traballadores e traballadoras das artes escénicas, na ESAD de Galicia entendemos moi importante a consecución doutras finalidades e obxectivos nas áreas que se sinalan.

3. 4. 2. 1. Área da educación en valores.

- Formar ao alumnado no exercicio e no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, e nos valores de tolerancia e liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia.
- Fomentar o respecto á diversidade nas persoas, nos aspectos físico e intelectual, no seu pensamento, opcións ideolóxicas e relixión, erradicando calquera discriminación por razón de sexo, raza, extracción social, procedencia ou credo político, e rexeitando comportamentos racistas, sexistas, xenófobos e homófobos.
- Promover actitudes sociais positivas como a solidariedade e a igualdade de sexos, base para a formación integral de cidadáns e cidadás nun país democrático e defensor dun mundo en paz.
- Potenciar as actitudes de diálogo e deliberación, evitando e corrixindo as condutas agresivas e violentas mediante procesos de mediación.
- Educar os alumnos e alumnas no respecto ás persoas, prestando especial atención ás condutas verbal e xestual e ao respecto pola propia imaxe persoal.
- Educar os alumnos nun uso responsable das infraestruturas, equipamentos e recursos do centro, favorecendo actitudes de mantemento e mellora dos mesmos.
- Fomentar actitudes positivas en relación cos bens propios e alleos.
- Promover a responsabilidade a nivel individual e grupal, para que os alumnos e alumnas asuman a responsabilidade dos seus actos e as súas consecuencias.
- Favorecer que os alumnos e alumnas teñan un bo coñecemento da súa propia personalidade, potenciando o sentido crítico e unha actitude construtiva e creativa.
- Favorecer que os alumnos e alumnas asuman e valoren as súas capacidades e limitacións para potenciar un desenvolvemento equilibrado e harmónico da súa personalidade.
- Fomentar no alumnado a conciencia crítica necesaria para a toma de decisións nas súas actividades artísticas e intelectuais.
- Potenciar que os alumnos e alumnas se convertan en cidadáns e cidadás responsables e libres, coa capacidade de favorecer a súa transición á vida adulta e activa.
- Promover valores como a responsabilidade e a seriedade no traballo e unha formación integral para o seu desenvolvemento profesional.
- Favorecer a participación do alumnado en actividades de voluntariado, especialmente naquelas vinculadas coas artes escénicas ou na necesaria inclusión das actividades escénicas nas primeiras.

3. 4. 2. 2. No ámbito da cultura.

- Conseguir que o alumnado desenvolva as competencias lingüísticas e comunicativas necesarias para manter unha comunicación eficaz e positiva cos demais e como medio para a súa afirmación persoal.
- Potenciar o coñecemento da súa contorna xeográfica, histórica e sociocultural, identificando e valorando positivamente os trazos que singularizan a súa vila, a súa cidade, a súa Comunidade Autónoma e o Estado do que forma parte xunto coas súas institucións.
- Potenciar o coñecemento e a valoración positiva da diversidade lingüística, cultural, relixiosa e étnica tanto no plano autonómico, como estatal e europeo.
- Coñecer, valorar e potenciar o patrimonio escénico, teatral e literario de Galicia.
- Fomentar o respecto polo medio e pola conservación do patrimonio natural.
- Promover unha actitude de respecto e valoración positiva dos medios de transmisión cultural e creación artística como o cine, a radio, a televisión, a prensa, os libros, o teatro, a música, a danza, a fotografía, as artes plásticas e outras manifestacións, entendidas como fontes de enriquecemento persoal e como recursos para a formación e o exercicio profesional futuro, mantendo ante os mesmos unha actitude crítica e construtiva.
- Favorecer o coñecemento de todas as formas de expresión cultural e artística e a participación nos procesos de creación, difusión e recepción das mesmas.
- Potenciar o coñecemento e o uso das linguas estranxeiras.
- Promover o uso das novas tecnoloxías.
- Potenciar un uso creativo do seu tempo libre.
- Favorecer a práctica de deportes e outras actividades de lecer que impliquen un maior coñecemento e respecto do medio natural.

3. 4. 2. 3. No ámbito da información.

- Establecer mecanismos e estratexias que permitan ofrecer a toda a comunidade escolar toda a información dispoñible a respecto da oferta educativa do centro e das actividades propias do mesmo.
- Informar de forma permanente, e polas canles máis axeitadas en cada caso, a toda a sociedade sobre as actividades que se desenvolven no centro.
- Manter pautas e liñas de información e coordinación de carácter permanente con outros centros educativos para a realización de intercambios a todos os niveis tanto no plano local como nacional e internacional.
- Manter contactos, pautas de información e liñas de coordinación coas empresas, entidades, organismos e institucións relacionadas, directa ou indirectamente, coa actividade desenvolvida polo centro, tanto no plano educativo como no da investigación e no da transición á vida activa do alumnado do centro.

3. 4. 2. 4. No ámbito da formación para a participación.

- Desenvolver, potenciar e manter un clima de relacións cordiais, respectuosas e fluídas entre todos os integrantes da comunidade escolar.
- Potenciar unha actitude positiva cara á participación e a implicación dos integrantes da comunidade educativa nos diversos ámbitos de actividade e xestión democrática do centro.
- Potenciar a mellora permanente das relacións de comunicación entre todos os integrantes da comunidade escolar e entre esta e a contorna a nivel local, comarcal, estatal e internacional.
- Manter unha acción coordinada e unha relación permanente entre os órganos unipersoais e colexiados do centro, e entre todos os seus integrantes.

- Crear canles efectivas para favorecer a información, colaboración e participación de todos os integrantes da comunidade escolar na xestión democrática do centro e na conexión con outras institucións.

3. 4. 2. 5. No ámbito da xestión de infraestruturas, equipamentos e recursos.

- Dotar o centro das infraestruturas suficientes para o normal desenvolvemento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe e doutras actividades relacionadas cos mesmos.
- Conseguir e manter en bo estado os equipamentos e recursos necesarios para ofrecer unha formación de calidade, na que se integren as novas tecnoloxías e outras innovacións relacionadas coa educación xeral e coa formación especializada.
- Establecer mecanismos que permitan que o profesorado e o alumnado tire todo o proveito posible das infraestruturas, equipamentos e recursos do centro.

3. 4. 2. 6. No ámbito da saúde e da seguridade.

- Potenciar entre a comunidade escolar hábitos de hixiene e coidado pola súa persoa e pola súa imaxe persoal.
- Elaborar e desenvolver programas, iniciativas e actividades que fomenten a educación para a saúde e a hixiene.
- Potenciar actitudes positivas cara a adquisición de hábitos alimentarios que favorezan a saúde física e psíquica e potencien a súa dedicación ao estudo e a outras actividades.
- Desenvolver programas, iniciativas e actividades orientadas a potenciar un consumo equilibrado de todo tipo de produtos para favorecer o equilibrio físico e psíquico.
- Potenciar entre a comunidade escolar hábitos de seguridade e de autoprotección, no centro educativo e na súa vida diaria.
- Potenciar entre a comunidade escolar o coñecemento, respecto e valoración positiva dos protocolos de seguridade e primeiros auxilios, e de evacuación da Escola diante de calquera tipo de incidencia, risco, ameaza ou situación grave.

3. 4. 2. 7. No ámbito da formación para a vida activa e profesional

- Promover entre o alumnado unha valoración positiva da formación como medio de acceso e de transición á vida activa.
- Orientar ao alumnado nos planos académico, vocacional e profesional en función das súas expectativas, intereses e capacidades.
- Atender adecuadamente ao alumnado con necesidades e problemas de aprendizaxe.
- Potenciar entre o alumnado un coñecemento amplo e diversificado de diferentes ámbitos de exercicio profesional, que lles permita identificar saídas profesionais e coñecer os requisitos para o exercicio profesional nos diferentes ámbitos.
- Potenciar actitudes positivas cara á investigación e á mellora académica e profesional a través de programas e actividades.
- Favorecer e potenciar a relación e unha comunicación permanente e dinámica coas empresas, institucións e organismos da contorna a través da realización de todo tipo de proxectos nos que poidan intervir profesorado e alumnado.
- Establecemento de relacións fluídas e de cooperación coas empresas da contorna para potenciar a realización de prácticas profesionais e para facilitar a transición do alumnado á vida activa.
- Potenciar e promover o perfeccionamento e actualización do profesorado nas súas áreas respectivas.

3. 5. PLAN DE CONVIVENCIA. Atendendo ao establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro,

que a desenvolve, a ESAD de Galicia conta cun Plan de Convivencia (DE201.05) elaborado pola Comisión de Convivencia do Consello Escolar e aprobado por este órgano colexiado.

4. OFERTA EDUCATIVA.

Unha Escola Superior de Arte Dramática debe considerar a educación teatral desde unha perspectiva global e atendendo tanto á súa diversidade como á variedade dos beneficiarios potenciais. Ademais da organización da formación inicial, a Escola debe destacar pola súa oferta no eido da formación aberta, dirixida a toda a cidadanía, e da formación permanente, dirixida preferentemente aos profesionais das artes escénicas, dos propios titulados en Arte Dramática e a outros profesionais.

Ademais desas liñas de traballo, tamén debe considerar a necesidade de organizar actividades diversas de formación vinculadas con actividades de información, divulgación e investigación. Actividades como conferencias, seminarios, encontros, grupos de traballo, seminarios permanentes, congresos nacionais e internacionais e iniciativas similares, dirixidas tanto ao alumnado habitual da Escola como a todas aquelas persoas susceptibles de sentir interese polas mesmas. De aí a importancia de manter unhas relacións dinámicas e abertas coa contorna na consecución de finalidades comúns e compartidas.

4.1. FORMACIÓN INICIAL. No eido da formación inicial cabe destacar as ensinanzas superiores e as ensinanzas de posgrao. As primeiras teñen unha duración de catro anos, e contemplan as titulacións superiores en Interpretación, Dirección de Escena e Dramaturxia e Escenografía. Na ESAD están implantadas neste momento as titulacións en Interpretación (itinerarios Textual, Xestual), Dirección Escénica e Dramaturxia (itinerarios Dirección e Dramaturxia), e Escenografía.

4. 2. FORMACIÓN ABERTA. Distinguimos dúas categorías diferenciadas. Por unha banda, os cursos de formación dirixidos a calquera persoa interesada no campo teatral, que terán unha duración variable. Da outra, as actividades de información, divulgación e investigación orientadas aos máis diversos colectivos e beneficiarios que non implican, na súa inscrición o ter cursados estudos previos específicos nin ter ou exercer un determinado perfil académico ou profesional. Para cada curso escolar, a ESAD de Galicia contemplará no seu Plan Anual as actividades contempladas neste capítulo.

4. 3. FORMACIÓN PERMANENTE. A formación permanente está concibida e dirixida, de forma fundamental mais non exclusiva, aos titulados en Arte dramática e noutras titulacións vinculadas coas artes da representación, e a profesionais en activo, en moi diversos campos, e pode presentar unha variedade considerable, en función das demandas e necesidades dun sector moi heteroxéneo de persoas e colectivos. Cada ano a ESAD poderá deseñar, en función das necesidades comunicadas e/ou detectadas, e coa colaboración necesaria dos axentes sociais propios do sector (e doutros sectores que o soliciten), un plan de actividades.

4. 4. POSGRAOS E DOUTORADO. No eido dos estudos de posgrao, a LOE, no seu artigo 58. 2, recolle a posibilidade de que os centros superiores de ensinanzas artísticas organicen estudos de posgrao, na súa primeira fase, isto é, conducentes á obtención dunha titulación equivalente ao máster universitario. En consecuencia, a ESAD de Galicia aspira a contar co seu propio catálogo de cursos de posgrao, sexan cursos de especialización, sexan mestrados. Igualmente, establecerá os mecanismos necesarios, e desenvolverá as accións e iniciativas máis aconsellables para facilitar convenios coas universidades, autonómicas, estatais e doutros países, para a organización de másteres universitarios e para a elaboración de programas de doutoramento e doutras actividades de formación no eido da especialización e da investigación.

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

Segundo establece a lexislación vixente, a ESAD de Galicia conta cunha estrutura organizativa integrada polos seguintes órganos de goberno:

5.1. ÓRGANOS COLEXIADOS, que son descritos nas Normas de Organización e Funcionamento e se dividen en:

- Unipersoais: Dirección, Vicedirección, Xefatura de Estudos e Secretaría.
- Colexiados: Consello Escolar, Claustro de profesores e profesoras.

5. 2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE E OUTROS ÓRGANOS: igualmente descritos e regulados nas Normas de Organización e Funcionamento, e que serían:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Departamentos didácticos (Escenografía, Interpretación, Teoría e historia das artes escénicas e Dirección escénica e dramaturxia), Departamentos técnicos (Creación e produción, Calidade, Mobilidade e transición).
- Comisión de Probas de Acceso.
- Equipo de dinamización lingüística.
- Xunta de Delegados e Delegadas.
- Xunta de Titulación, regulada nas Normas de Organización e Funcionamento.

5. 3. SERVIZOS ESPECÍFICOS DA ESAD. Ademais dos órganos anteditos, a ESAD de Galicia pola natureza das súas ensinanzas, debe contar cunha serie de servizos fundamentais para a organización e o funcionamento da mesma e para a mellor prestación dos servizos educativos e doutro tipo que lle son propios. As ditas áreas, entendidas como servizos, son as seguintes:

- Servizo de biblioteca e documentación
- Servizo de investigación
- Servizo de publicacións, información e comunicación

A creación destas áreas aparece recollida na Circular 15/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para a aplicación da orde do 17 de xullo de 2007 na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. As características, funcionamento, responsabilidades, funcións e coordinación de cada un dos servizos propostos están establecidas nas Normas de Organización e Funcionamento.

6. ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DA XESTIÓN E DA PARTICIPACIÓN

A xestión da ESAD de Galicia como centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aparece regulada na lexislación aplicable, que se cita e desenvolve nas Normas de Organización e Funcionamento, vinculada cos órganos colexiados e de coordinación citados no capítulo anterior.

A participación dos diferentes sectores da comunidade escolar na xestión da Escola tamén aparece recollida na lexislación antedita e vincúlase fundamentalmente coa presenza do profesorado, o alumnado e o persoal de administración e servizos no Consello Escolar. Os diferentes sectores da comunidade educativa participan no Claustro de Profesores e Profesoras, en órganos de coordinación docente como os Departamentos e a Comisión de Coordinación Pedagóxica, ou en órganos de coordinación como a Xunta de Delegados e Delegadas. Outras instancias de participación son os Departamentos e os diferentes Servizos propios da ESAD de Galicia. Todas esas instancias son e deben ser marcos para a participación do profesorado, o alumnado e o persoal de administración e servizos. As Normas

de Organización e Funcionamento recollen as normativas que regulan cada unha das instancias citadas.

O fomento da participación na organización e na planificación da xestión da ESAD constitúe unha finalidade xeral da ESAD que se concreta en diferentes obxectivos, cos que se persegue a implicación e a corresponsabilidade de todos os sectores na mellora permanente da institución e na prestación dos seus servizos. Con tal motivo, cómpre establecer liñas de traballo orientadas á consecución de:

- Informar a todos os sectores da comunidade educativa dos aspectos básicos de funcionamento da ESAD no eido da xestión e no da organización das actividades que lle son propias.
- Manter abertas liñas fluídas de comunicación entre os sectores da comunidade escolar.
- Fomentar a participación de todos os sectores da comunidade escolar nos órganos de coordinación e nos servizos da ESAD.
- Pór á disposición dos sectores da comunidade escolar os recursos necesarios para que poidan desenvolver as súas funcións da maneira máis axeitada.
- Facilitar a comunicación, o encontro e o debate na comunidade escolar en relación co desenvolvemento académico e institucional da ESAD.

Para lograr eses obxectivos, cómpre que por parte das instancias responsables se poñan en marcha iniciativas como:

- Establecer e manter Puntos de información.
- Elaborar boletíns internos.
- Aproveitar as posibilidades de comunicación electrónica.
- Elaborar e difundir manuais de formación e información.
- Celebrar cursos e xornadas de información e formación.
- Informar sobre as canles e os marcos de participación a través dun Folleto informativo que debe ser coñecido por todos os integrantes da comunidade escolar.
- Difundir normativas aplicables.
- Difundir os documentos básicos da ESAD: Proxecto Educativo (PEC), Proxecto Curricular (PCC), e Normas de Organización e Funcionamento (NOF).
- Celebrar reunións periódicas.
- Dotar espazos con recursos aos diferentes sectores da comunidade escolar. Entre eses espazos no curso escolar 2015-2016 habilitase un espazo específico para a Delegación de alumnado, a Asociación de alumnado e a Asociación de ex alumnos e alumnas, así como para a Xunta de delegadas e delegados.

Tanto a xestión como a participación deben estar adecuadamente planificadas en función das diferentes actividades a realizar no curso escolar e en función tamén das diversas convocatorias como as de elección de Delegados e Delegadas, as de elección da Dirección ou as de elección de representantes no Consello escolar. Nesa dirección cómpre que desde as instancias competentes se deseñe un cronograma xeral das actividades propias da ESAD durante todo o curso escolar para mostrar os procesos, a súa temporalización e as persoas responsables da súa execución e supervisión. O cronograma xeral da Escola debe permitir a visualización dos procesos e debe ir acompañado dun cadro que reflicta a estrutura orgánica da ESAD e as responsabilidades e áreas de traballo propias de cada elemento da estrutura.

6. 1. RESPONSABILIDADES DA DIRECCIÓN. O equipo de dirección da Escola, alén das responsabilidades e funcións contempladas na lexislación vixente e que se recollen nos artigos correspondentes das Normas de Organización e Funcionamento, debe asumir a responsabilidade de organizar e planificar adecuadamente a xestión e a participación da comunidade escolar da mesma. Ao mesmo tempo debe coordinar as diferentes iniciativas e

actividades orientadas a fomentar a participación, segundo o establecido no preámbulo do presente capítulo. Amais das ferramentas anteditas, como o cronograma xeral ou do cadro coa estrutura organizativa, a Dirección ten unha serie de funcións e responsabilidades vinculadas con tres documentos fundamentais que se presentan e analizan nos apartados que seguen.

6. 1. 1. PLAN ESTRATÉXICO. O Plan Estratéxico ten como finalidade establecer obxectivos xerais e grandes liñas de actuación para un período de catro anos.

As fontes para a realización do Plan Estratéxico son basicamente de tres tipos. En primeiro lugar a lexislación vixente de carácter educativo, tanto aquela que establece as finalidades da acción educativa como a que determina a estruturación e obxectivos dos estudos de arte dramática. En segundo lugar o Proxecto Educativo de Centro e o Proxecto Curricular de Centro, dous documentos fundamentais que constitúen, en suma, o desenvolvemento e adaptación á realidade sociocultural da contorna das institucións educativas, documentos que emanan directamente da comunidade escolar que se configura na ESAD, fundamentalmente a través do seu Consello Escolar. Finalmente o Plan Estratéxico debe ter en conta as necesidades, expectativas ou demandas dos sistemas de creación e difusión sociocultural e artística presentes na contorna, en tanto a ESAD de Galicia debe contribuír activamente ao seu pleno desenvolvemento, o que, supón, de partida, e entre outras cousas non menos transcendentais, favorecer os procesos de transición á vida activa dos seus titulados. En consecuencia, na elaboración do Plan Estratéxico haberá que ter en conta as seguintes cuestións:

- As directrices emanadas das autoridades académicas competentes.
- As necesidades, intereses e expectativas da comunidade educativa da ESAD de Galicia e de todos e todas os seus posibles beneficiarios, e de todos os sectores e colectivos que integra esa comunidade de beneficiarios e usuarios.
- As necesidades da contorna sociocultural no que se insire a ESAD, manifestadas a través de institucións, organismos públicos e privados e todo tipo de entidades e asociacións, profesionais ou non, ou por persoas individuais.
- A oferta educativa real e a oferta educativa ideal.
- Os estudos e outros documentos e materiais relativos á situación e perspectivas de futuro dos sectores directa ou indirectamente relacionados coas actividades da Escola.
- As necesidades propias do centro no seu desenvolvemento institucional nos planos académico e administrativo, e en función das súas responsabilidades e funcións nos eidos da formación, a creación e a investigación.

Se ben a redacción do Plan Estratéxico é unha responsabilidade de cada equipo de dirección, na súa elaboración debe ser oída a comunidade escolar no seu conxunto e os sectores que a integran, fundamentalmente o profesorado, o alumnado e o persoal de administración e servizos. O equipo de dirección debe propoñer, para a súa análise e debate, e para lograr os consensos necesarios, as grandes liñas de traballo do Plan Estratéxico para contar co prace do Claustro de Profesores e Profesoras e co prace do Consello Escolar e incorporar as propostas ou suxestións que emanen deses órganos.

Finalizados os catro anos, o equipo de dirección debe someter o seu Plan Estratéxico a unha avaliación global analizando con detemento os obxectivos acadados, os obxectivos non acadados, as liñas de traballo consolidadas e as iniciativas de mellora.

6. 1. 2. PLANIFICACIÓN ANUAL. Cada Plan Estratéxico debe concretarse nun Plan Anual (DE201.08), segundo o establecido no Decreto 324/1996 e na Orde do 1 de agosto de 1997. Cada Plan Anual, ademais dos documentos que remite a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a recollida de datos, debe contemplar os seguintes apartados:

- Obxectivos específicos que se pretenden acadar e iniciativas e recursos para a súa consecución.

- Horario xeral do centro, que contemplará o horario de apertura, o horario lectivo, o horario dos diferentes servizos (incluída a biblioteca), e o horario de verán.
- Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.
- Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega.
- Programa de formación do profesorado.
- Programa de formación en centros de traballo.
- Proxecto de orzamento.
- Modificacións do PEC e do PCC.

O Plan anual deberá ser elaborado pola Dirección da escola, atendendo as propostas da comunidade escolar e debe ser presentado ao Claustro de Profesoras e Profesores e finalmente aprobado polo Consello Escolar da Escola.

Segundo se establece na Orde de 1 de agosto de 1997, a dirección da Escola establecerá un calendario que permita a avaliación por parte do Consello Escolar, do Claustro e do Equipo de dirección do Plan Anual, e o seu grao de cumprimento. Igualmente deberá elaborar unha Memoria que será remitida á Inspección educativa antes do 10 de xullo.

As reunións necesarias para a elaboración dos informes a incluír na dita memoria deberán realizarse entre os días 10 e 30 de xuño. En calquera caso deberán realizarse as reunións por parte dos órganos que máis abaixo se citan, reunións que incluirán na orde do día a consideración de: (1) cumprimento do Plan anual, (2) análise dos resultados académicos, (3) valoración PEC, PCC, e NOF, (4) modificacións de Guías docentes.

- Equipo de dirección.
- Xunta de departamento.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Claustro de profesores e profesoras
- Consello Escolar.

Os modelos para a elaboración do Plan Anual e da Memoria Anual aparecen recollidos nos correspondentes modelos vinculados das Normas de Organización e Funcionamento.

6. 2. RESPONSABILIDADES DOS XEFES E XEFAS DE DEPARTAMENTO. Os xefes e xefas dos departamento teñen unha serie de responsabilidades vinculadas coa marcha xeral do centro, especialmente no que se relaciona cos procesos de ensinanza e aprendizaxe. En calquera caso, cómpre destacar as seguintes:

- Coordinación das actividades e reunións do departamento.
- Fomento da coordinación didáctica entre as disciplinas do departamento ou entre disciplinas de varios departamentos.
- Realización de propostas para a elaboración do Plan estratéxico e do Plan anual.
- Seguimento do Plan anual.
- Contribución na mellora do PEC, PCC e NOF.
- Valoración de resultados.
- Seguimento das programacións: Guía didáctica e Programa docente.
- Seguimento do profesorado.
- Elaboración das Memorias.

As funcións e responsabilidades dos xefes e xefas dos departamentos aparecen recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento.

6. 3. RESPONSABILIDADES DOS COORDINADORES DE SERVIZOS. Os xefes e xefas dos diversos servizos que existen na ESAD teñen unha serie de responsabilidades que aparecen

recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento. En calquera caso, cómpre destacar as seguintes:

- Coordinación das actividades e reunións do servizo.
- Seguimento do Plan anual.
- Contribución na mellora do PEC, PCC e NOF.
- Valoración de resultados.
- Elaboración das Memorias.

6. 4. RESPONSABILIDADES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS. As funcións e responsabilidades do persoal de administración e servizos aparecen recollidas noas Normas de Organización e Funcionamento. Con todo a súa contribución nos procesos de traballo habituais na ESAD e na mellora dos mesmos é fundamental, polo que cómpre destacar as seguintes responsabilidades:

- Realización de propostas para a elaboración do Plan estratéxico e do Plan anual.
- Seguimento do Plan anual.
- Contribución na mellora do ROC, PEC e PCC.
- Valoración de resultados.

7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Unha das áreas máis transcendentais para o correcto funcionamento diario da ESAD de Galicia, para o cumprimento das dúas finalidades e obxectivos e para a mellora permanente radica na organización das súas actividades. A normativa vixente contén información e normas explícitas a respecto das pautas básicas de organización, que se deben complementar con outras propostas, nadas da comunidade escolar para regulamentar outras áreas de actividade igualmente importantes e complementarias da docencia. A finalidade deste capítulo consiste en sinalar os aspectos máis substantivos que serán desenvolvidos adecuadamente nas Normas de Organización e Funcionamento.

7. 1. OS PROCESOS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE. Entendemos por procesos de ensinanza e aprendizaxe non só aqueles que teñen lugar na aula senón todas aquelas actividades que, mesmo sen ter carácter de aula, inciden na formación integral do alumnado, no desenvolvemento de competencias e na formación permanente do profesorado. A Orde do 30 de setembro de 2010 establece que o haber académico nos estudos superiores de Arte dramática medirase en créditos ECTS, contemplando o valor numérico en horas asociado a cada crédito *“os ensinamentos teóricos e prácticos, así como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas de traballo así como mostras públicas e probas que o estudante debe realizar para acadar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias do plan de estudos”*. Na mesma dirección, cómpre organizar as actividades lectivas e aquelas outras que as complementan ou reforzan con especial atención, sen descoidar outras iniciativas que favorezan a conversión da ESAD de Galicia nunha comunidade que aposta con decisión pola promoción do coñecemento, da creación e da investigación.

7. 1. 1. As actividades lectivas. Segundo recolle a normativa aplicable e segundo se establece nas Normas de Organización e Funcionamento, as actividades lectivas de aula organizaranse nas franxas horarias comprendidas entre as 8.30 e as 15.00, e as 16.00 e as 22.00 cun intervalo de media hora. Preferentemente o horario das actividades lectivas de aula organizarase en sesións de mañá, se ben se poderán organizar en sesión de tarde en función de circunstancias específicas relativas a espazos ou recursos dispoñibles, sexan técnicos ou humanos. Para a confección dos horarios de grupo teranse en conta unha serie de criterios para favorecer unha correcta progresión das actividades:

- A distribución das materias en cada xornada e ao longo da semana realizarase atendendo a razóns exclusivamente pedagóxicas.
- En ningún caso as preferencias horarias do profesorado nin o seu dereito á elección poden obstaculizar a aplicación de criterios pedagóxicos na elaboración do horario do alumnado.
- As materias de carácter práctico situaranse na franxa horaria que vai das 10.30 ás 12.30 e das 13.00 ás 15.00.
- A docencia de cada materia agruparase en sesións de 55 minutos cada unha. Cando as sesións se xunten debido a esixencias da propia materia, cada dúas sesións o alumnado terá un descanso de 10 minutos.
- As sesións de cada materia delongaranse ao longo da semana, evitando a concentración das mesmas nunha franxa horaria concreta.

7. 1. 2. As actividades lectivas de posgrao. Para as ensinanzas de posgrao o horario lectivo poderá organizarse indistintamente pola mañá ou pola tarde, en función da dispoñibilidade do profesorado e das infraestruturas e recursos da ESAD.

7. 1. 3. As titorías docentes. Cada profesor ou profesora da ESAD dedicará ata un total de seis horas para a atención ao alumnado en virtude da aplicación da unidade de medida da actividade docente coñecida como ECTS. A función destas titorías consiste en realizar un seguimento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe a través da comunicación permanente entre docentes e discentes e servir de apoio ás actividades do alumnado. Para un correcto desenvolvemento das mesmas, e para facilitar o uso de infraestruturas e dos recursos, o horario de titorías establecerase ao longo de toda a semana. Cada profesor/a levará un control das actividades de titoría docente segundo se establece nas Normas de Organización e Funcionamento.

7. 1. 4. As titorías de grupo. Cada profesor ou profesora que desempeñe o cargo de titoría de grupo, dispoñerá no seu horario dunha hora de atención ao alumnado, en horario no que o alumnado non teña clase. Cada titor/a levará un control das actividades de titoría segundo se establece nas Normas de Organización e Funcionamento, e consonte as pautas establecidas no Plan de Acción Titorial.

7. 1. 5. As actividades complementarias e extraescolares. As actividades complementarias poderán organizarse en horario lectivo ou non lectivo, en función sempre da transcendencia e oportunidade do acto concreto a realizar. As actividades extraescolares deberán realizarse sempre en horario de tarde, e preferentemente nun mesmo día da semana, para facilitar o uso de instalacións e infraestruturas para outras actividades.

7. 1. 6. Actividades e traballos do alumnado. Segundo o establecido na Circular 18/2006, o alumnado disporá das instalacións da Escola para a realización de actividades vinculadas cos procesos de ensinanza e aprendizaxe ou coas actividades complementarias ou extraescolares propias da Escola. Como se sinala no apartado 1. 3. da dita Circular, o horario xeral da Escola deberá especificar:

- As horas e condicións nas que estarán dispoñibles para o alumnado os servizos e as instalacións do centro.
- As horas e as condicións en que o centro permanecerá aberto, ao dispor da comunidade escolar, fóra do horario lectivo.

En consecuencia, na ESAD de Galicia poñeranse ao dispor do alumnado aulas e outras infraestruturas coa finalidade de que, individualmente ou en grupo, por iniciativa propia ou na compañía do profesorado, poida realizar actividades e traballos vinculados cos ditos procesos de ensinanza e aprendizaxe, ou con outras actividades. Igualmente o alumnado debe dispoñer das aulas, infraestruturas e recursos da Escola para a realización de Mostras de traballo, Proxectos fin de Estudos, Proxectos de investigación, e outras actividades e iniciativas

aprobadas pola Dirección, os Departamentos e os Servizos da Escola, segundo os procedementos establecidos nas Normas de Organización e Funcionamento.

7. 1. 7. Actividades de estudo do alumnado. Amais dos traballos prácticos, que requiren espazos específicos, o alumnado da ESAD de Galicia debe realizar outras actividades de estudo e documentación, que se deben organizar axeitadamente. Nesa dirección, o Real Decreto 303/2010, de 15 de marzo, no seu artigo 3.6. establece que os centros de ensinanzas artísticas deberán contar cunha biblioteca con fondo bibliográfico, audiovisual e fonográfico en función do tipo de ensinanza, o que implica:

- Sala de lectura.
- Sala de audición e videoteca.
- Arquivo.
- Sistema de préstamo.
- Número adecuado de volumes e gravacións.
- Revistas científicas.
- Número suficiente de prazas.

En consecuencia, a ESAD de Galicia debe contar cun Centro de Documentación e Investigación que, por acordo de Claustro ordinario celebrado con data do 8 de setembro de 2005 se denomina Centro de Documentación e Investigación Teatral “Álvaro Cunqueiro”.

Igualmente a ESAD debe poñer a disposición do alumnado medios e recursos necesarios para a realización de todo tipo de traballos, así como para o deseño e realización de mostras de traballo, espectáculos e outras actividades escénicas vinculadas cos procesos de ensinanza e de aprendizaxe. Igualmente, se debe poñer a disposición do alumnado os medios e recursos necesarios para a elaboración do Proxecto Fin de Estudos.

7. 2. A INVESTIGACIÓN. A Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio establece no seu artigo 58. 6, que os centros superiores de ensinanzas artísticas fomentarán programas de investigación no ámbito das disciplinas que lles son propias. De igual maneira o RD 630/2010, de 14 de maio, que regula o contido básico das ensinanzas superiores de arte dramática, establece no seu artigo 2. 4, que os “centros de ensinanzas artísticas superiores fomentarán programas de investigación científica e técnica propios desta disciplina, para contribuír á xeración e difusión de coñecemento e á innovación no dito ámbito. As Administracións educativas establecerán os mecanismos adecuados para que estes centros poidan realizar ou dar soporte á investigación científica e técnica, que lles permita integrarse no Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía”.

En consecuencia cómpre establecer mecanismos para facilitar a creación de equipos nos que participen profesores e profesoras da Escola e nos que poidan participar e colaborar persoas e colectivos alleos á mesma. Para o financiamento destas actividades desde a Dirección da ESAD e desde o Servizo de Investigación potenciarase que as autoridades competentes no fomento de programas de investigación, desenvolvemento e innovación, recoñezan o carácter de centro superior de investigación da ESAD e se realicen convocatorias específicas para facilitar a creación de grupos de investigación e a dotación de recursos.

Amais dos proxectos de investigación propios dos programas de promoción xeral do coñecemento ou dos que se acollen á denominación I+D+i, para os que se requiren equipos dirixidos por un profesor/a doutor/a e no que tamén participen outros profesores, bolseiros e colaboradores externos, na ESAD de Galicia tamén se fomentarán liñas de investigación vinculados coas artes do espectáculo e no ámbito do deseño e a realización de proxectos escénicos e coa súa difusión e recepción. Estes proxectos deberán ser propostos polos Departamentos a través do Servizo de Investigación.

7. 3. A CREACIÓN. Unha das finalidades da ESAD de Galicia consiste na formación ao máis alto nivel de creadores escénicos nos eidos da interpretación, a dirección de escena, a

dirección de proxectos escénicos, a dramaturxia e os estudos teatrais ou o deseño escénico. En consecuencia, como complemento dos procesos de docencia e investigación, recollidos na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, e no RD 630/2010, na ESAD de Galicia, promoveranse proxectos de creación que permitan integrar o saber e o facer e sempre desde unha perspectiva que contemple criterios artísticos, estéticos e deontolóxicos.

Os procesos de creación cobren un amplo abano de actividades, que van desde o deseño de proxectos ata a realización e a presentación dos mesmos, cos conseguintes procesos de avaliación. Na ESAD de Galicia hai que favorecer especialmente que o alumnado realice todo tipo de proxectos escénicos e que os produtos resultantes se presenten ao público, sexa da Escola sexa do exterior, coa finalidade de analizar e avaliar a súa recepción e valoración. O Departamento de Creación e Producción é a instancia desde a que se debe promover a realización destes procesos, establecendo os criterios para a súa proposición e realización, para a asignación de recursos e para a súa presentación pública.

Para acompañar os procesos de creación e produción, sobre todo aqueles que se vinculan cos Traballos de Fin de Estudos, a ESAD de Galicia debe contar cos recursos humanos e materiais necesarios

7. 4. DA EXHIBICIÓN. Unha das finalidades da ESAD de Galicia, derivada dos obxectivos que se establecen no Real Decreto 630/2010 para as tres titulacións que se contemplan nos estudos superiores de arte dramática, consiste na promoción de competencias vinculadas co exercicio profesional, entre as que destacan as propias dos procesos de creación e difusión de todo tipo de produtos escénicos. Nesa dirección, desde a ESAD de Galicia deben establecerse liñas de traballo que permitan converter os espazos de exhibición da Escola en focos de dinamización e distribución teatral, ora con produtos elaborados na propia escola ora con produtos alleos. O Departamento de Creación e Producción asume as competencias e a responsabilidade de programar os espazos de exhibición da ESAD, de xeito que a Escola cumpra unha dobre función: ofrecer oportunidades ao seu alumnado para presentar os seus traballos diante do público e ofrecer oportunidades ao alumnado para ver outros traballos. Ao mesmo tempo esas iniciativas deben estar abertas a toda a cidadanía que así o desexe.

Igualmente a ESAD, a través do Departamento de Creación e Producción e do Servizo de Investigación, debe favorecer unha programación permanente dos traballos realizados polo alumnado, sempre con criterios de rigor e calidade. Tamén presenta especial interese a participación da ESAD nas redes de teatros e auditorios, sexan municipais, provinciais, autonómicas ou estatais, obxectivo para o que se deberán establecer os oportunos convenios de financiamento dos programas coas entidades pertinentes en cada caso. A organización dos programas de exhibición realizarase segundo o establecido nas Normas de Organización e Funcionamento.

Para acompañar os procesos de exhibición, a ESAD de Galicia debe contar cos recursos humanos e materiais necesarios.

8. RECURSOS HUMANOS.

Para o pleno desenvolvemento das actividades que lle son propias, nos eidos da educación (docencia e aprendizaxe), da investigación e da creación, a ESAD de Galicia debe dispoñer dun cadro de persoal integrado por profesionais vinculados a dous colectivos: o profesorado e o persoal de administración e servizos.

No primeiro caso, a ESAD de Galicia debe contar cun cadro de profesores e profesoras cun alto nivel de especialización na materia ou materias que deban impartir e cunha capacidade probada para a realización e dirección de proxectos de investigación, polo que desde a escola se debe favorecer e potenciar tanto que o profesorado obteña a titulación de doutor como a

creación de equipos de investigación. Igualmente a ESAD debe favorecer que o seu profesorado desenvolva proxectos de creación para que os resultados deses traballos vinculados ao exercicio profesional redunden na mellora da calidade do ensino e da súa necesaria vinculación coa actividade artística sempre con parámetros de excelencia.

Na mesma dirección, desde a ESAD de Galicia débense realizar as xestións e as propostas necesarias para que o profesorado da ESAD, en tanto docentes de ensinanzas superiores, conte cunha xornada laboral adecuada ás necesidades de especialización e investigación e/ou de vinculación coa creación propias da dita docencia, pero tamén cos medios e recursos materiais para poder desenvolver esas tarefas, en igualdade de condicións ás que gozan os docentes universitarios.

Similar importancia ten o cadro de Persoal de Administración e Servizos, sobre todo neste último eido, o dos servizos, en tanto a ESAD presenta especificidades propias derivadas dos seus procesos de enseñanza, aprendizaxe, creación (traballos escénicos do alumnado e proxectos fin de carreira) e investigación e das súas necesidades obxectivas. En consecuencia, a ESAD de Galicia debería contar cun cadro de persoal que contemple os seguintes postos de traballo:

- Conserxería: 5 (4 para escola e 1 para teatros).
- Administración e secretaría: 2 (1 xestión económica e 1 xestión administrativa).
- Secretaría de dirección: 1.
- Biblioteca: 3 (2 auxiliares de biblioteca, 1 xefe/a de área).
- 1 Xefe técnico para coordinar todos os traballos técnicos da Escola.
- Servizo de mantemento: 1 mantedor electromecánico para realización de tarefas de mantemento de equipamento e instalacións de aulas e espazos de exhibición.
- Servizo de produción: 2 (produtor de espectáculos) para acompañar os traballos de creación escénica do alumnado e os seus proxectos de fin de carreira.
- Servizo de realización técnica escénica: 2 (técnicos de luz e son) para o mantemento e preparación de equipamento sonoro e de iluminación en relación coas clases e cos traballos de creación do alumnado, e 1 maquinista.

Nas Normas de Organización e Funcionamento da Escola deben aparecer reflectidas as funcións e responsabilidades de cada un dos postos sinalados, a medida que se produza a súa provisión, así como o horario que haberán de cumprir en cada caso, sempre en función das necesidades da ESAD e do horario en que se realizan as actividades de educación, investigación, creación ou difusión.

Finalmente, na ESAD de Galicia tamén se fai necesaria a contratación por períodos concretos de actores e actrices profesionais para as materias de Prácticas de Dirección de Actores e Prácticas de Dirección de Escena, para o que desde a ESAD se debe promover a sinatura de convenios de colaboración coas asociacións e axentes sociais das artes escénicas. Nesa dirección a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria debería proporcionar os fondos necesarios para acometer a contratación temporal dos ditos profesionais segundo a normativa que resulte de aplicación.

9. AS RELACIÓNS COA CONTORNA.

Como se sinala nos capítulos 2 e 3 do presente Proxecto Educativo e como tamén se destaca na imaxe corporativa da institución a Escola Superior de Arte Dramática debe facer valer tanto o seu aspecto substantivo, o ser un centro superior de educación teatral, como a súa dimensión adxectiva, ao ser un centro situado na Comunidade Autónoma de Galicia, en tanto debe contribuír ao desenvolvemento no sistema teatral do país.

En consecuencia, debe fomentar unhas relacións fluídas coa contorna sociocultural, artístico e económico de toda Galicia, sen esquecer as necesarias relacións con outras comunidades

límites ou co norte de Portugal. No establecemento de relacións, de participación en redes e asociacións nacionais e internacionais, ou de desenvolvemento de proxectos de colaboración e cooperación, deben ter prioridade as seguintes liñas de actuación:

1. Cos axentes sociais e institucionais propios do sistema teatral.
2. Cos axentes sociais e culturais da cidade de Vigo e da súa área de influencia.
3. Cos axentes sociais e culturais de Galicia e do norte de Portugal.
4. Con outros centros superiores de ensinanza artística de Galicia.
5. Coas universidades galegas.
6. Cos outros centros de educación teatral e con universidades doutras Comunidades e países, seguindo parámetros de calidade e de excelencia.
7. Con asociacións, fundacións e outras organizacións vinculadas co campo teatral, nos eidos local, autonómico, estatal e internacional.

Os ámbitos de traballo para esa relación e cooperación deben ser todos os que se vinculan, directa ou indirectamente, coas actividades propias da ESAD en tanto institución orientada á educación teatral superior, a creación e a investigación.

10. AVALIACIÓN, REVISIÓN E MELLORA DO PEC. A avaliación do presente proxecto educativo, que terá carácter anual e se realizará durante o mes de maio de cada curso escolar, axustarase aos procedementos que se establezan no Sistema de Xestión da Calidade, no seu capítulo 1. Realizarase a través dun proceso coordinado desde o Departamento de Calidade e a Dirección da ESAD, no que deben participar todos os sectores da comunidade educativa. O proceso de revisión e mellora comezará no mes de xaneiro de cada curso escolar, coa creación de comisións coordinadas desde o Departamento de Calidade, e culminará a finais de xuño, mes no que se proporán as revisións oportunas ao Consello Escolar para a súa aprobación, unha vez presentadas á Xunta de Delegados e Delegadas e ao Claustro de Profesores e Profesoras.

Unha vez informado pola administración educativa competente, e realizadas as modificacións ou melloras que procedan, o novo documento será difundido, polos procedementos máis eficaces e oportunos, entre todos os integrantes da comunidade escolar.